



Concello de Mugardos
(A Coruña)

2º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DO GRUPO E, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA SUBALTERNA, NOTIFICADOR/A, POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN

DATA: 21 DE DECEMBRO DE 2022

SEGUNDO EXERCICIO ELIMINATORIO E OBRIGATORIO

SUPOSTO PRÁCTICO

Iniciada a xornada, procédese polo/a notificadora a verificar as tarefas a realizar:

1.- Por parte dun dos servizos municipais requíreselle información sobre un recurso administrativo presentado por persoa interesada. Entre os motivos de impugnación, considera que a notificación practicada do correspondente acordo do Pleno non se axusta a dereito, constando no expediente estendida dilixencia dos dous intentos de notificación levados a cabo, sendo o segundo deles realizado ás doce horas (12.00 horas) dentro dos tres días hábiles seguintes, tras o primeiro intento practicado ás dez horas (10.00 horas) así como da súa recepción por menor de idade de trece anos que fai constar a súa identidade, ao non acharse presente a persoa interesada.

Razoe de forma motivada a adecuación e validez da notificación practicada en función dos datos consignados na dilixencia, en función da normativa aplicable con indicación da mesma.

2.- Preséntase ese mesmo día por rexistro, recurso administrativo de persoa física interesada tras a práctica da notificación electrónica da resolución ditada polo Alcalde nun expediente de expropiación forzosa, pola que se fixa o xusto prezo da superficie expropiada da súa propiedade, achegándolle o cheque correspondente, mostrando a súa desconformidade co medio de notificación utilizado. A persoa física interesada fixo constar previamente no mesmo expediente, a súa vontade de recibir as notificacións de forma electrónica.

Xustifique de forma razoada a adecuación á normativa aplicable en materia de procedemento administrativo común, da notificación practicada.

3.- Por parte do servizo de Persoal solicítanlle información sobre a práctica dunha notificación, ao considerar que non se levou a cabo adecuadamente conforme á normativa. Trátase dunha persoa física que solicitou que se lle practiquen as notificacións de forma electrónica. Con todo con ocasión da realización dun trámite no concello, solicita e entrégaselle a notificación a pedimento deste na oficina de asistencia en materia de rexistro, constando no expediente acreditación da notificación practicada.

Indique se considera axustada á normativa aplicable en materia de procedemento administrativo común, a notificación realizada pola oficina de asistencia en materia de rexistros.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

4.- Desde Secretaria encoméndaselle que proceda a publicar no taboleiro de anuncios do concello, anuncio comprensivo dun período de consulta pública no procedemento de elaboración dunha norma regulamentaria durante un mes. O anuncio entrégaselle o 21 de novembro de 2022, data de publicación do mesmo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e o indicado período de consulta iníciase a partir do día seguinte.

Compute e estenda dilixencia comprensiva do prazo de exposición ao público no taboleiro de anuncios do Concello, de anuncio da realización do trámite de consulta pública.

5.- O concello de Mugardos iniciou un procedemento de oficio de investigación da natureza pública ou privada dun posible camiño público. Unha das persoas lindeiras interesadas é unha Sociedade Anónima, persoa xurídica. Non constando datos de contacto, notificouse o acordo de iniciación do procedemento en formato papel.

¿Considera correcta a práctica da notificación realizada en favor de persoa xurídica en atención á normativa aplicable en materia de procedemento administrativo común?. Razoe a súa resposta.

